



DATOS IDENTIFICATIVOS

Localización de Programas Informáticos

Materia	Localización de Programas Informáticos			
Código	V01M079V01203			
Titulación	Máster Universitario en Tradución Multimedia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Pereira Rodríguez, Ana María			
Profesorado	Díaz Fouces, Óscar Pereira Rodríguez, Ana María			
Correo-e	pereira@uvigo.es			
Web	http://multitrad.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	Xestión de procesos e proxectos de localización de programas informáticos.			

Competencias

Código	
B4	4. Identificar os contextos culturais implicados, normas e estándares.
B7	7. Xestionar, elaborar e revisar proxectos de tradución multimedia.
B11	11. Aplicar os coñecementos adquiridos e ter capacidade de resolución de problemas.
B12	12. Defender o seu traballo de tradución ante públicos especializados e non especializados.
C3	3. Coñecer en profundidade as institucións, normas e estándares.
C5	5. Coñecer en profundidade os procedementos e técnicas de transvasamento adecuados dos diferentes produtos multimedia e saber xustificar as decisións tomadas.
C30	30. Coñecer en profundidade os conceptos básicos da localización de software.
C31	31. Coñecer en profundidade os tipos de obxectos localizables.
C32	32. Coñecer en profundidade o proceso de localización de software.
C33	33. Coñecer en profundidade as funcións dos participantes no proceso e as dinámicas profesionais do sector de localización de software.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Preparar proxectos.	B4 B18 B7 B11 C57 C57 C5 C57 C30 C31 C32 C33

Procesar os textos/elementos gráficos da interface de usuario.	B4 B7 C3 C5 C32 C33
Xestionar proxectos.	B4 B7 B11 B12 C3 C32 C33
Avaliar proxectos.	B4 B7 B12 C3 C32 C33

Contidos

Tema	
1. O concepto de Localización	1.1 I10n e i18n 1.2 Estándares industriais
2. Estratexias de localización e xestión de proxectos (entorno MSWindows)	2.1 Traballar con ficheiros de lingua 2.2 Traballar con ficheiros binarios 2.2.1 Traballar con código 2.2.2 Exportación de strings
3. Estratexias de localización e xestión de proxectos (entornos MacOSC e GNU/Linux)	3.1 Presentación 3.2 Ferramentas e procesos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	10	40	50
Estudo de casos	19	31	50
Traballo tutelado	15	21	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Práctica de laboratorio	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentación	Presentación por parte dos estudantes de actividades realizadas e coñecementos adquiridos. Discusión orientada polo persoal docente.
Estudo de casos	Presentación e discusión de situacións concretas e casos específicos relacionados cos contidos da materia. Discusión orientada polo persoal docente.
Traballo tutelado	Resolución de actividades encargadas e orientadas polo persoal docente, encamiñadas a graduar a progresión do estudantado na adquisición dos coñecementos relacionados coa materia.
Actividades introdutorias	Presentación da materia e identificación da formación previa e as habilidades prácticas do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.
Estudo de casos	Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.
Traballo tutelado	Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.
Probos	Descrición

Práctica de laboratorio Dado que o curso ten carácter semipresencial, está prevista unha atención personalizada continuada, ao longo de todo o desenvolvemento da materia, na plataforma virtual da Universidade de Vigo.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Traballo tutelado	Grupo de actividades preparatorias	60	B4 B7 B11 B12	C3 C5 C30 C31 C32 C33
Práctica de laboratorio	Xestión dun proxecto-encargo global.	40	B4 B7 B11 B12	C3 C5 C30 C31 C32 C33

Outros comentarios sobre a Avaliación

TEMPORALIZACIÓN DO CURSO:

Semanas 1-2:

- Lectura do material
- Preparación de clase (instalar e configurar software, comprobación de arquivos exemplo)

Semanas 3-4:

- O traballo con formatos estándar da localización

Semana 5-6:

- Fundamentos da creación e xestión de proxectos de localización

Semana 7-8

- Xestión completa de proxecto.

SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Poderá optarse a unha segunda avaliación. A data límite de entrega para a segunda convocatoria de xullo comunicárase durante o curso e será publicada no faitic da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Phoebe Parry, **The Localization Handbook**, Createspace Independent Publishing Platform, 2016

Julie A. Jacko, **Human Computer Interaction Handbook: Fundamentals, Evolving Technologies, and Emerging Applications, Third Edition**, CRC Taylor & Francis, 2012

Bibliografía Complementaria

Detlef Reineke (ed.), **Traducción y localización. mercado, gestión y tecnologías**, Anroart, 2005

Bryan Schnabel e.a., **A Practical Guide to XLIFF 2.0**, XML Press, 2015

Yurek Hinz, **Exploring Open Source Software Localization Methods: Assessing Business Value for Localizing Software Into Minor Languages**, LAP LAMBERT Academic Publishing,

Michael Kaplan, **Internationalization with Visual Basic**, SAMS, 2000

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Localización de Páxinas Web/V01M079V01105

Localización de Videoxogos/V01M079V01204

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Novas Tecnoloxías e Tradución Multimedia/V01M079V01101

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Dado o carácter semipresencial do Mestrado Universitario en Tradución Multimedia e que nel se vén impartindo docencia online síncrona e asíncrona dende os seus comezos, non é necesario facer ningún cambio na guía docente. No suposto de que non se poidan desenvolver con normalidade as sesións de docencia presencial previstas para a semana 09-13/03/2021, manteranse as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa salvidade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Fatic). Estas sesións presenciais, coma sempre, gravaranse e poñeranse a disposición de todos aqueles alumnos que non poidan acceder a elas de xeito síncrono.
